

## ACTA DA XUNTANZA PARA A FORMACIÓN DA MAREA SECTORIAL DE EDUCACIÓN E CULTURA.

Santiago, vernes, 25 de maio do 2018

ASISTEN: Elena Cores, Peque González, Victoria Esteban, Manuel Esperante, Conchi Rodríguez, Quico Recondo, Manuel Lorenzo, Rafael Anido, Jorge Linheira, Carlos Neira.

Explicase a razón de ser das mareas sectoriais, a importancia política das mesmas como o sitio plural de formación do pensamento político e formulación de propostas para o conxunto do espazo, cuxa concreción e uso virá ao fin decidido polos órganos de En Marea e as súas representacións institucionais.

A función da marea sectorial terá incluído os traballos de apoio aos grupos parlamentares, transcendéndo a prol de posicións políticas e de programa máis aló da acción institucional.

Veuse a conveniencia de desglosar as mareas de Educación e a de Cultura, sen prexuízo de recoñecer e activar elementos de transversalidade que teñen exemplos moi claros no campo laboral e sindical, en sanidade e outros.

Enunciáronse asuntos como as consecuencias do decreto chamado de plurilingüismo, o estado do idioma nas escolas, as chamadas reválidas, as subvencións a centros concertados, a separación por sexos, a industria audiovisual, as compras públicas de libros, as Feiras do Libro e a desafección das asociacións de libreiros, a prohibición de actuacións musicais nos establecementos hosteleiros etc.

En inicio, e tras indicar cada asistente a súa preferencia por unha ou outra adicación, Educación ou Cultura, encargouse da coordinación inicial a Manuel Esperante na primeira e a Carlos Neira na segunda.

Indicaron as compañeiras da Coordinadora que a partir de agora, a actividade da marea sectorial será autónoma, contado iso si con toda a colaboración por parte deste órgano, dispoñendo de espazo na web, fondo de temas e intermediación para a achega de máis persoas interesadas na colaboración.

Non habendo máis asuntos que tratar, fechoouse a sesión.